

INFORMACIÓN ENTROIDO 2022

- Este curso os disfraces dos nenos e nenas do colexio estarán relacionados co lema da Biblioteca **Reciclando no Camiño**

INFANTIL:

- ✓ Peregrinas/os do medievo

PRIMARIA

- ✓ 1º curso: Breogán, lamias, tardos e mouras.
 - ✓ 2º curso: Raíña Lupa, dragóns e touros.
 - ✓ 3º e 4º curso: Peregrinas/os na actualidade.
 - ✓ 5º curso: Personaxes do Camiño no medievo: titiriteiros/as, mendigos/as, monxes, trobadores, xogares, cegas(os...?)
 - ✓ 6º curso: Os templarios, hospitalarios e outras ordes do Camiño.
- **As mandadas da nosa Meca** para a semana anterior ao Entroido indicaranos as prendas que debemos levar cada día relacionadas co Camiño de Santiago agás o Día de Rosalía que virán co retrato que fixeron nas aulas.
 - As prendas non serán acumulativas.
 - O venres 25 os nenos e nenas do cole traerán o seu disface e celebraremos o Entroido desfilando (no horario dos respectivos recreos) no patio do colexio se o tempo nolo permite.

LUNS 21	MARTES 22	MÉRCORES 23	XOVES 24	VENRES 25
Este ano é Xacobeo e viremos de “ <i>peregríns</i> ”. Calza as botas de montaña cos pantalóns por dentro dos calcetíns	E se chove polo Camiño non te apures meu amigo. Unha* bolsa de lixo arranxarás para non te ter que mollar máis!!	Faremos un alto no Camiño É o Día de Rosalía! Fóra eses pensamentos !! Colle o retrato que fixeches coas flores preferidas da poeta do Rexurdimento	Que non se confunda ninguén!! Fai un letreiro ben feito! Cunha frecha amarela Para colgar do teu peito	Se queres conseguir a compostelá non leves moita présa! Para antes no Monte dos postes E desfila coa indumentaria que levas!! <i>a</i>

*A *bolsa de lixo* deberá ser reciclada e...

1. a súa vez os nenos e nenas terán o reto de reutilizala nalgunha parte do disface que traerán o venres 25.
2. antes de marchar a súas casa deixarana no cole para reutilizala nun traballo que se fará en común no cole.

Será o/a titor/a quen escolla unha das dúas opcións